

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JUAN REY (LOURENZÁ)
CURSO: 2º
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS
DATA: 8/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS	
B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA	
B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	CSB2.1.1. Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.
B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.	CSB2.3.1. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.
B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.
B2.7. Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles	CSB2.7.1. Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE	

B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio	CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.
B3.2. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...	CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello
B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais	CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación
B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO	
B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.	CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

	2. Avaliación e cualificación
Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Traballo diario do alumno ✓ Control de entrega das tarefas no tempo marcado ✓ videoconferencias individuais con el alumno
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> ✓ A avaliación será continua e baseada na corrección e control das tarefas realizadas. ✓ Videoconferencias e videochamadas ✓ Audios a través de wasap ✓ Videotutoriais
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final será a media da 1ª e a 2ª avaliación e valoraranse os progresos realizados na 3ª avaliación, tendo en conta as actuais circunstancias.
Proba extraordinaria de setembro	NON PROCEDE
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Presentación de traballos e tarefas ✓ Implicación no proceso de ensinanza/aprendizaxe
	Criterios de cualificación: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Teranse en conta as notas acadadas ao longo do curso e a valoración final do seu traballo
	Procedementos e instrumentos de avaliación: <ul style="list-style-type: none"> ✓ A avaliación será continua e baseada na corrección e control das tarefas realizadas. ✓ Videoconferencias e videochamadas ✓ Audios a través de wasap ✓ Videotutoriais

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Libro ✓ pdf de reforzo e ampliación ✓ fichas de repaso dos diferentes contidos ✓ Videotutoriais ✓ Audios ✓ videochamadas ✓ Propostas de diferentes tipos de traballo e posterior presentación (grabacións de video, audio, fotos,....
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía utilizada durante esta avaliación foi realizada mediante os medios informáticos dos que dispoñían as familias. Usamos, fundamentalmente, para comunicarnos, o wasap, xa que valoramos que era o medio do que máis dispoñían as familias e era o medio máis cercano e directo para solventar calquera tipo de dúbida de xeito inmediato. Houbo algún caso no que tivemos que utilizar material impreso para algún alumno, facendollo chegar a través do correo ordinario. Ao alumnado que presentaba máis dificultades ao longo do curso, reforzárónselle as diferentes aprendizaxes, a través de pdf e audios explicativos.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Wasap ✓ Videos tutoriais de Youtube ✓ Gravación de audios a través de wasap ✓ Correos electrónicos ✓ Gravacións de video

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Wasap ✓ correo electrónicos ✓ web do centro
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

